

1. Centro visitado.

Centro Galego da Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros.

2. Actividades realizadas previas á visita.

O alumnado fixo unha investigación das seguintes empresas seleccionadas polo profesorado organizador da actividade:

<https://diesemm.com/> <https://xn--modialab-g3a.com/> <https://ocragalicia.com/> <https://www.noko.es/>
<https://gbeasts.com/> <https://www.wavekup.com/> <https://elgriforojo.com/> <https://fragsy.com/home/>
<https://paygate.es/> <https://www.anselmoraqsoccer.com/> <https://www.tabalu.com/es/>
<https://www.tabalu.com/es/> <https://johancruyffinstitute.com/es/> <https://sportsinnovationlatam.com/>

A maioría da empresas están sacadas do congreso anual de Sportech Congress que se celebra no Campus de Pontevedra. Son empresas punteiras no seu ámbito, innovadoras e con relación co mundo deportivo.

En pequenos grupos tiñan que pescudar sobre a actividade dunha empresa da lista anterior. En concreto, a tarefa foi presentada do seguinte xeito:

- Facer unha búsqueda sobre a empresa anterior: ámbito de traballo, funcións que realiza, servizos que ofrece,...
- Investigar un CEO dunha empresa galega da seguinte lista:
- Relacionar a súa actividade deportiva/educativa coa labor da primeira empresa investigada.
- Presentar os tres puntos usando Canva, Prezi, Genially,...

Unha vez feitas as infografías, fixeron unha pequena exposición en clase para os seus compañeiros.

3. Actividades realizadas na visita.

A visita fíxose dividindo ó alumnado en dous grupos. Ao ser un grupo numeroso foi a maneira de que todos pasasen polos distintos departamentos de forma operativa.

No primeiro momento pasamos por Industria 5.0 para ver o funcionamento de autómatas e que función poden realizar. Adícanse a dar formación para postos de alta especialización, basicamente de profesorado que imparte no máster de formación profesional. Tiña unha simulación dunha cadea de montaxe, ensamblar pezas e programar os movementos que deben realizar. A ventaxa destas cadeas en tamaño reducido e que permiten ver fallos e erros de funcionamento que sucederán na realidade e polo tanto anticiparse a eles. Comentouse que a nova factoría de BMW foi feita en remoto nun 80% e o gran aforro que supoxo isto para a compañía.

A seguinte aula estaba adicada a Biotecnoloxía e foi o apartado máis custoso de comprender polo específico dos contidos e pola formación do alumnado, Bacharelato científico.

A aula de fabricación aditiva foi a seguinte parada, moito máis visual e máis sinxela en canto ós seus procesos de produción. Tiñan impresoras de resina e impresoras de polvo, que resultou ser a gran novidade para o alumnado. Como reutilizar o polvo para facer novas pezas cunha alta resistencia.

Na aula de enerxía e sustentabilidade ambiental observamos como se investiga nun modelo de coche eléctrico para conseguir aumentar a súa produción eléctrica: muiños de vento na parte frontal do coche e placas solares no teito e nas portas fundamentalmente. Despois explicáronnos como se controla cun programa chamado Desner o consumo enerxético de todo o edificio e como podemos regular a temperatura en cada unha das estancias.

Na planta superior observamos a zona de gastronomía multisensorial para crear novas experiencias culinarias, tanto na elaboración como na presentación dos produtos.

Finalmente, o postre foi a aula de experiencias inmersivas. Utilización de gafas de Realidade Virtual. Esto era coñecido por eles xa que nas sesións de Educación Física fixemos unha simulación de entreno con gafas de realidade virtual.

4. Documentación gráfica da visita.







5. Avaliación.

A través dun rexistro anecdótico recollimos as impresións dos alumnos: saída interesante, estivo moi entretida excepto a área de biotecnoloxía, a industria aditiva e a parte de medio ambiente foi a máis interesante. O sentir xeral foi que resultou educativa. A aula de biotecnoloxía foi a máis áspera para todos e de difícil comprensión.

6. Propostas de mellora no caso de existir.

É o segundo ano que organiza esta actividade e moi satisfeito co resultado. Gustaríame conseguir mellor encaixe entre o que lles pido ós alumnos e a actividade proposta do centro a visitar. Creo que se debería avanzar para que o alumnado teña a saída como unha evidencia ou unha parte importante do proxecto levado a cabo no centro educativo.